

A INTEGRACIÓN ESCOLAR; UN PROXECTO DE ESCOLA INTEGRADORA

Alvaro Marchesi Ullastres

Vou intentar centrar esta exposición, explicando o máis brevemente posible o proceso que desde o Ministerio de Educación temos seguido para elaborar un Real Decreto de Educación Especial. Por qué fixemos isto e non outra cousa e qué implicacións ten o proxecto de educación especial, ás veces coñecido como o "Proxecto de Integración" do MEC, así como as realizacións concretas que temos feito nas poucas semanas que levamos de curso.

Teño especial interese en tratar de establecer con vos unha discusión para coñecer as vosas opinións e reflexións sobre o proxecto que estamos a iniciar. Creo que a través deste debate de opinións positivas ou críticas, así como de outros moitos, é a única maneira de impulsar, cambiar, modificar, rectificar aqueles aspectos que as persoas implicadas no campo da Educación Especial, van encontrando como satisfactorios ou menos satisfactorios.

Sinceramente agradezo a invitación de QUINESIA a vir aquí a explicar as liñas fundamentais do Proxecto de Integración.

Comezaría, en primeiro lugar, comentando dous temas previos que me parecen importantes: o primeiro é o concepto de integración que manexamos e o segundo, a visión da realidade da que partimos. Porque o proxecto de integración tratou de partir da realidade concreta para intentar transformala. É dicir, non quixemos presentar un Decreto de boas intencións, de utopías que quedan no BOE e que non serven para nada, senón propostas de obxectivos capaces de transformar a realidade.

Se vai ser posible conseguir este obxectivo ou non, aínda é cedo para sabelo. Debemos esperar datos máis contrastados acerca de se a transformación se vai producindo ou se, pola contra, non estamos dando os pasos necesarios.

A INTEGRACIÓN COMO TRANSFORMACIÓN DA ESCOLA

Quixera reflexionar, en primeiro lugar, sobre o concepto de integración, centrándome no que supuxo para nos outros, para aqueles que nalgunha medida temos participado na realización dun proxecto que se intenta desenvolver en oito anos. Recollendo moitas das propostas que agora imos debullar.

A integración é un medio imprescindible para acadar o desenvolvemento pleno dun conxunto de alumnos –alumnos que tradicionalmente estiveron en escolas de educación especial e outros que, tendo comezado a súa educación en escolas ordinarias, foron segregados, progresivamente apartados, debido ós problemas que presentaban incorporándoos a unha dinámica máis normalizada. É dicir, trátase de crear as

condicións para que todos os alumnos atopen o lugar máis axeitado para acadar as súas posibilidades de desenvolvemento: as súas posibilidades intelectuais, sociais, de desenvolvemento persoal, de aprendizaxe...

A educación é un medio fundamental, pero quixera salientar que non podemos presentar a integración exclusivamente para que os alumnos con problemas, con retraso, estean na escola como se con iso tiveramos resoltos todos os problemas. En absoluto. A educación ten o seu sentido se con ela se contribúe ó desenvolvemento dos alumnos, a potenciar as súas posibilidades e con iso contribúese, á súa vez, á integración social, laboral, posterior.

Voume centrar no primeiro destes aspectos: as posibilidades da integración escolar. Este enfoque integrador intenta, polo tanto, modificar a escola. Porque só nunha escola distinta, que fuxa da homoxeneidade, que se centre nas diferencias, que acepte as diferencias como criterio fundamental de funcionamento, poderase falar de integración. Normalmente, o noso traballo diario facémolo ó revés. Traballamos masificadamente na escola, polo que dificilmente podemos levar unha educación individualizada. Unha educación diferenciada supón unha modificación da escola.

A integración supón ó mesmo tempo coñecer as posibilidades de cada alumno. Ter uns profesionais suficientemente preparados como para dar unha resposta diferencial ós problemas. Esta non é tarefa sinxela, non é unha tarefa que se improvisa. Esta fórmula de traballo que supón un cambio na educación, un cambio nas actitudes dos profesores con respecto á súa intervención didáctica é beneficiosa para os alumnos con necesidades especiais que se integran, pero tamén para aqueles alumnos sen necesidades especiais que comparten o seu tempo de educación con compañeiros que teñen especiais dificultades.

Trátase, pois, de crear novas formas de actitudes como obxectivo prioritario da escola e que, desde a función de igualdade, alumnos sen discapacidades se beneficien dunha escola distinta, dunha escola individualizadora que atenda ás diferencias entre os alumnos que normalmente asisten a ela, que teña recursos materiais e profesionais suficientes...

Do que se trata, en definitiva, é de transformar a escola actual, escola capaz de responder á existencia de diferencias, capaz de aceptar e favorecer o desenvolvemento persoal de *todos* os alumnos. Desde esta perspectiva, o *Decreto de Integración* trata de incorporar non só a aqueles alumnos con dificultades, que xeralmente foron segregados en centros específicos de Educación Especial e que poidan estar nun centro ordinario, senón que, ó mesmo tempo, trata de crear unha escola que non segregue, que acepte, que orixine funcións novas capaces de dar resposta suficiente diante dos seus problemas.

PUNTO DE PARTIDA: UN SISTEMA POUCO INTEGRADOR

Sen embargo, fomos conscientes da situación real da educación neste punto. Situación moi alonxada do modelo que pretendemos. Situación marcada polo exceso de alumnos por aula, polos escasos servizos de apoio, pola escasez de recursos...

Unha escola con actitudes recelosas con respecto á integración, por parte do profesorado, por parte dos pais, que teñen medo que este proxecto integrador sexa negativo para os seus fillos "sen problemas". Dúbdidas, suspicacias, reticencias, desconfianzas que deben ser superadas, no caso dos profesores, se queremos que este *Decreto de Integración* teña viabilidade . Non é posible afrontar un proxecto tan importante desconfiando das promesas da Administración que poidan facer posible tanto o cambio como o acadar condicións obxectivas para cambiar, cando en moitos casos se está a esperar que se cumpra o prometido.

Agora ben, neste contexto relativamente pesimista, hai que salientar tamén aspectos positivos que existen na dinámica integradora. Aspectos como:

- A existencia de importantes experiencias ailladas de proxectos consistentes de integración.
- A existencia de grupos, máis ou menos numerosos, dispostos a impulsar un cambio no sistema educativo.
- A existencia, ó mesmo tempo, de experiencias diversas nas escolas ordinarias e nos centros de educación especial dispostas a ir transformando, creando e experimentando novas formas de traballo na educación dos alumnos con problemas.

Neste contorno, formulamos as ideas básicas do *Proxecto de Integración*, intentando dar solución e resposta a todas as dimensións ou, polo menos, ás máis relevantes, vendo a posibilidade de modificar o sistema educativo en profundidade, axustándoo cada vez máis ó modelo de escola integradora.

Pensabamos que era necesario ir pasando dunhas experiencias positivas de integración en diferentes lugares, a unha certa capacidade integradora, cada vez máis numerosa, cada vez máis válida, que permitira ós alumnos con problemas encontrar máis perto do seu domicilio unha escola capaz de responder ás súas dificultades. Trátase de que o sistema educativo como tal, sexa un sistema integrador: que o conxunto, a maioría das escolas sexan capaces de asumir como "normais" as discapacidades, que sexan en si mesmas *integradoras*. Este é o obxectivo do proxecto integrador, proxecto do que salientaría cinco aspectos fundamentais a acadar en oito anos. Espero que nese tempo poidamos ter os obxectivos cubertos. A experiencia que neste mesmo curso se está a poñer en marcha así permite pensalo. Estas cinco liñas de actuación son as seguintes:

- Resolver o tema da ATENCIÓN TEMPERÁ.
- Transformar a educación básica: CENTROS ESCOLARES.
- O tema da FORMACIÓN DO PROFESORADO.
- A cuestión dos EQUIPOS PSICOPEDAGÓXICOS DE APOIO Á ESCOLA.
- O CAMBIO DE ACTITUDES de profesores e pais; que poidan ir aceptando o proceso de integración.

Vou facer a continuación unha breve mención de cada un destes puntos recollidos no Real Decreto, aprobado polo Goberno en marzo de 1985.

A ATENCIÓN TEMPERÁ

Ninguén pon en dúbida que é un tema fundamental. De pouco serve transformar a escola e facer posible a integración no marco escolar se o alumno con algún tipo de discapacidade non pode ter axuda ós seus problemas desde o momento en que se diagnostica, desde o momento en que aparece o trastorno ou a discapacidade.

Ata o momento, a autoría, o descubrimento, aparecía no momento da escolaridade obrigatoria e gratuíta; había unha limitada oferta educativa anterior: o preescolar. Pero non se tiña presentado ata o momento, non se tiña tomado unha acción máis decidida de intervención máis temperá anterior ó preescolar.

Conscientes da enorme importancia deste tema, o proxecto incorporou nas súas liñas un parágrafo que considero fundamental. O Ministerio de Educación, as Administracións Educativas comprométese a que as axudas á atención temperá que os alumnos -os nenos desde os seus primeiros anos con algún tipo de discapacidade- necesitan para favorecer a súa integración, sexan gratúitas. Ese compromiso creo que vai modificar enormemente a situación da educación, as situacións das posibilidades educativas dos alumnos con problemas. O compromiso desta atención temperá gratuíta por parte do MEC, favorecedora da integración, supón ó mesmo tempo, o compromiso de incorporar, de empregar un bo número de profesionais para acadar o obxectivo inicial. Non sería posible doutra maneira dar unha resposta satisfactoria. Comezamos en setembro de 1985 a dar a primeira resposta neste campo, pero no curso 86-87 farémolo en maior medida. Segundo se incorporen ós Presupostos Xerais do Estado os compromisos económicos do Real Decreto, este poderá desenvolverse de forma máis importante e notable.

O día en que vaíamos cumprindo o compromiso mencionado teremos resolta unha parte importante dos problemas que nos preocupan. Teremos que comezar a casa polos alicerces, non por outros lugares menos seguros. Ese parágrafo do Decreto supón, pois, algo moi importante. Constitúe unha esperanza de transformación ó incorporar desde o MEC, entre as súas competencias, algo que tradicionalmente nunca incorporara.

OS CENTROS ESCOLARES

Outra peza importante do Proxecto de Integración son os cambios a realizar nos centros escolares. Nunha liña de transformación progresiva da escola incluímos nunha disposición final -eu penso que de forma bastante inusual nun Real Decreto- un proxecto temporal concreto para levar á práctica a integración escolar. Neste proxecto sinálase, ano tras ano, que as Administracións educativas deberán ir realizando, coñecendo e analizando a realidade educativa e posibilitando a integración nas aulas.

O compromiso que a Administración adquire é seleccionar cada ano, ó longo deses oito, un centro escolar de cada 100.000 habitantes. Este centro seleccionado comprométese a integrar dous alumnos por aula, comezando por preescolar e 1º de EXB, continuando progresivamente, ano tras ano, ata que a integración sexa algo normal en todos os cursos.

Este compromiso de seleccionar centros e que estes integren alumnos de preescolar e 1º curso, ten a contrapartida por parte da Administración (neste punto teño que referirme á área de competencia do MEC), explicitada por unha Orde Ministerial de marzo de 1985, de que nesas escolas seleccionadas o MEC se comprometería a reducir o número de alumnos por aula a 25; seleccionar unha serie de profesores de apoio especialistas en audición e linguaxe para estes centros (dous neste curso e outros dous ó longo dos anos sucesivos); dotar cos recursos e materiais necesarios; eliminar as barreiras arquitectónicas se as hai -caso dos nenos con problemas motóricos-; proporcionar espacios libres no caso de que sexan necesarias novas aulas nos centros; garantir a estabilidade dos equipos docentes, punto este de extraordinaria importancia, porque de pouco nos serviría que houbera en cada centro un equipo docente disposto a enfrontarse ó reto da integración, se ó ano seguinte xa non está o dito equipo debido ós traslados. Isto constitúe unha garantía importante para o Proxecto de Integración, aínda que este punto supuxo importantes problemas para levalo adiante neste primeiro ano.

Despois de fixar estes compromisos, tiña medo, tiña as miñas dúbidas de que houbera centros suficientes que se presentaran voluntariamente. Porque para poder facer a selección, os centros debían solicitalo en Claustro e ser aceptado polos pais. Houbo arredor de 300 centros que fixeron a solicitude. Deles, seleccionamos, por falta de máis recursos para este ano, arredor de 170, que son os que experimentan desde setembro deste curso 85-86 o proxecto de integración.

Esta selección de centros fíxose de acordo coa planificación existente, tratando de situar os centros para cubrir todos os sectores de poboación, tanto zonas rurais como urbanas, tendendo a aproximar a realidade á oferta integrativa o máis perto posible das necesidades existentes.

Este proceso de selección, habería que mantelo ano tras ano ó longo destes oito anos, de maneira que cada ano fosen seleccionados outros tantos centros que deberan poñer en marcha o proceso, e así sucesivamente, de tal forma que, no prazo sinalado, o 40 ou o 50 por cento dos centros educativos estivesen abertos á integración e tivesen as garantías e atencións que consideramos como mínimo imprescindibles, para poder comezar cunha certa eficacia e con dinamismo o proxecto de integración.

Neste momento, hai arredor de 2.000 alumnos con distintas discapacidades que están participando en preescolar e 1º curso da EXB nestes 170 centros. E isto sen facer mención da realidade existente antes do proxecto, de centros con nenos noutros cursos con experiencia de integración.

Quixera mencionar e insistir no que o MEC tratou de facer, o acordo ó que tratou de chegar cos centros cos que, dalgunha maneira, nos sentamos á mesa para fixar os nosos compromisos mutuos, é unha cota que delimita as condicións necesarias: condicións en canto ó número de alumnos, apoios, recursos, materiais, cursos de formación do profesorado, atencións ós equipos psicopedagóxicos etc.

Pero, gustaríame insistir nisto, estas condicións son importantes, son condicións necesarias, pero non suficientes, para que o proxecto de integración poida ter éxito, poida ser útil, poida ser beneficioso para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais que participan neste proxecto educativo docente, no que as cuestións

pedagógicas son insubstituíbles na liña do que dixeran ó comezo: o proxecto de integración supón un cambio moi importante á hora de traballar na aula, de utilizar material, de poñer en primeiro termo os problemas propios de cada alumno e basear a ensinanza en principios de individualización, na non homoxeneidade dos alumnos.

Principios todos do proxecto de integración que supoñen modificar os sistemas de avaliación, os currículos que se tratan de implementar nas aulas, adaptación de medios, métodos, contidos etc. porque a realidade educativa é "distinta", porque xa non temos diante un grupo de alumnos teoricamente co mesmo nivel. Agora hai que pensar que a diferenza é a realidade e iso obriga a unha reformulación, a unha busca de novas formas de traballo, de novas formas de enfocar os problemas educativos. E, para isto, evidentemente, non hai respostas escritas. A busca por parte do equipo educativo de solucións e estratexias, porque cada alumno é distinto, porque os alumnos deste centro que se integran non son os mesmos que os do centro que está ó carón. E a estratexia de integración neste centro poida que non sexa a mesma cá do outro, porque nun caso o alumno está sempre na aula e se traballa máis en grupo e, no outro, é o profesor de apoio o que proporciona recursos ó profesor da aula ordinaria e ó titor; ou noutro centro fórmanse grupos pequenos nalgúns horas. É dicir, cada centro vai amosando a estratexia que considera máis axeitada, en colaboración, en estreito contacto cos equipos psicopedagóxicos que deben ter como actividade preferente o traballo cos centros de integración.

OS EQUIPOS PSICOPEDAGÓXICOS

Estes equipos constitúense nunha peza fundamental de todo o proxecto, de calquera proxecto educativo, pero neste caso do proxecto de integración. Equipos que deben ir creándose, completándose, coa confluencia de profesionais que antes non se contemplaban. É que, por outra banda, deben estar en estreita conexión coa realidade educativa do centro, na busca de programas, de plans, de sistemas de avaliación etc. que permitan unha tarefa educativa moito máis enriquecedora. E que, á súa vez, recollan das experiencias do profesorado a realidade complexa e as dificultades, o que en moitos casos é dunha enorme importancia. .

Para que esta vinculación entre os equipos psicopedagóxicos e a escola se produza hai unha cuestión básica: ten que haber un número suficiente de equipos. A nosa propia experiencia é que, neste momento, aínda non contamos co número suficiente e isto é o que o Real decreto contempla dunha forma clara. Na medida en que o vaian permitindo as dotacións económicas irase a un paulatino aumento destes equipos, así como de especialistas de apoio, da linguaxe, que permitan unha dinámica, unha busca de solucións, moito máis rápida e eficaz.

O PERFECCIONAMENTO E A FORMACIÓN DO PROFESORADO

Non creo que a ninguén se lle escape a importancia deste problema. Dificilmente a escola pode responder ó reto que se lle presenta se non hai un conxunto de profesionais capaces de, coa preparación suficiente, abordar os difíciles problemas pedagóxicos, de materiais didácticos, de recursos etc. cos que pode verse enfrontado.

Este ano puxemos en marcha dous tipos de iniciativas, en relación coa universidade e coas escolas de Maxisterio. O que poderíamos chamar, por unha banda, a formación inicial do profesorado e, pola outra, o perfeccionamento do profesorado en exercicio.

O noso obxectivo é que a Universidade incorpore nos seus programas de formación, nos seus currículos básicos, a especialidade de "educación especial" (o que viñan sendo os cursos de Pedagogía Terapéutica) e a especialidade de "logopedia e linguaxe" (o que viñan sendo os cursos de audición e linguaxe). A novidade é que sexa a propia Universidade a que se responsabilice de preparar os profesionais, algo necesario nestes momentos para dar unha resposta diante dos problemas existentes na educación especial.

No primeiro caso, no tema dos especialistas na educación especial, respectando en todo caso a autonomía universitaria, preferimos que dita especialización se produza a partir dos cursos básicos na Escola de Maxisterio e non a partir do 1º curso, como de feito está producíndose nalgúnhas facultades onde xa hai unha especialización en educación especial de tres cursos de duración. Porque penso e vexo que é coherente con esta concepción, que os temas de educación especial non son temas para "algúns mestres". Penso que son temas de todos os interesados na educación, porque nesta perspectiva integradora "todos" van ter que abordar esta problemática.

Agora ben, hai algunhas persoas que teñen máis interese, máis vocación, ou o que sexa, para dedicarse e especializarse, por iso, para eles, deberían existir uns cursos ó rematar os seus estudos que permitiran contemplar, con fórmulas diversas, a súa formación cunha especialización máis completa nos temas da educación especial. Pero no acordo de que a educación especial sexa unha opción desde maxisterio, non me parece a solución máis satisfactoria, aínda que de feito está existindo na maioría das escolas de maxisterio.

O mesmo sucede co tema dos estudos de Logopedia. O acordo que asinamos coas universidades de Madrid neste momento é, dalgunha maneira, semellante e segue ó que asinou a Universidade de Barcelona coa Generalitat meses antes, e que, segundo penso eu, sinálanos o camiño a seguir: incorporar os estudos de Logopedia, nesta etapa, como estudos de posgrao para aqueles que teñan rematado Pedagogía, Psicoloxía, Maxisterio...

De tal maneira que, responsabilizándose a Universidade deses cursos, despois de facelos de forma experimental, poidan incluílos entre os seus plans de estudos no nivel que sexa considerado máis adecuado. E ese nivel é diverso nos distintos países: nalgúns son estudos de Diplomatura, noutros son de 2º ciclo e noutros, como sería a experiencia do noso país, serían estudos máis próximos a un 3º ciclo, porque se sitúan ó remate dos estudos básicos.

Sen embargo, este enfoque, que xorde neste momento, eu penso que responde a unha importante demanda de preparación diante de problemas na linguaxe, dado o importante baleiro que existía, xa que non había ningunha oferta de estudos universitarios polo que van sentarse as bases para situar a experiencia no lugar máis común. A experiencia que eu veño de recoller, no proxecto que teño máis preto, produto da xestión do MEC, de dous cursos de Logopedia que imos comezar nas universidades Autónoma e Complutense de Madrid, por un convenio con ámbalas dúas universidades, indica que

hai unha enorme demanda de prazas (sendo limitada a demanda nos dous casos está arredor de mil solicitudes de aqueles que desexan participar en cursos de dous anos de duración, con asistencia obrigatoria e moitas horas de práctica), todo o cal indica que a demanda social, con este enfoque, viuse acompañada por unha resposta importante para participar.

Esta sería unha primeira liña de modificación na formación inicial. Hai unha segunda liña, que simplemente expoño, que son os cursos de perfeccionamento, necesarios para ir preparando a aqueles profesores que actualmente en exercicio, necesitan unhas ideas, uns novos enfoques para poder presentarse e responder con seriedade, con eficacia, ó reto dunha escola integradora. E estes cursos de perfeccionamento constitúen unha tarefa absolutamente imprescindible.

O CAMBIO DE ACTITUDES

Un punto esencial é o referido ás actitudes e ó cambio delas. Clarificar a situación, ir explicando o que sucede coa integración, ir creando canles de difusión constantes sobre en qué condicións é útil a integración, cales son as vantaxes para uns e para outros, por que é importante unha escola integradora... é unha utopía que non podemos deixar en ningún momento, é un obxectivo, para o que iremos encontrándonos, sen dúbida, con moitas dificultades; pero botar a rodar un proxecto, en principio, ten os seus problemas.

Gustaríame rematar esta presentación das condicións máis audaces, máis fundamentais, que penso que debemos ir creando para facer posible a integración (condicións incorporadas ó proxecto que o MEC está a impulsar), sinalando dous temas que penso que merece a pena explicitar e reflexionar: o primeiro sería o relacionado cos centros de educación especial e o segundo, sobre a avaliación do proxecto de integración.

OS CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

¿Cal é o noso enfoque en relación cos centros específicos de Educación Especial? Con frecuencia temos escoitado que van ser suprimidos. A miña resposta ó respecto é clara. Neste momento, a política do MEC é cambiar as condicións para facer posible a integración, pero conscientes, primeiro, de que moitos nenos, a maioría dos nenos que agora mesmo están nos centros específicos de educación especial poden continuar neses centros. Porque o enfoque do proxecto inicia a integración no Preescolar e 1º de EXB, como garantía de integración. Non se pretende, agás casos excepcionais, respectando experiencias que xa están aí, o ir sacando a nenos que xa están nunha dinámica de centro específico de educación especial. E, en segundo lugar, porque o proxecto de integración pretende a integración de alumnos con discapacidades sensoriais, motóricas ou mentais; pero non daqueles alumnos con discapacidades severas ou profundas no caso da deficiencia mental. Non é o noso obxectivo neste momento, como enfoque xeral e global, tratar de que a integración incorpore alumnos con discapacidades máis profundas. Non é que se rexeite, e que os centros que consideren que poden facelo, loxicamente, non van contar co noso rexeitamento; pero si queremos deixar ben claro que, neste enfoque, neste acordo ó que estamos chegando cuns centros hoxe e outros centros mañá, os alumnos que actualmente consideramos que poden beneficiarse máis das condicións de integración son os alumnos con discapacidades sensoriais (cegos, fundamentalmente; xordos, tamén), os alumnos con

discapacidade motórica e os alumnos con discapacidade mental que non sexa severa ou profunda.

Desde esta perspectiva, loxicamente, os centros específicos de educación especial van seguir sendo necesarios para alumnos con discapacidades que lles impidan integrarse nos centros ordinarios. E non como algo negativo. E cando insisto nos centros de integración e no proxecto de integración, ás veces, algúns profesores que traballan en centros específicos dinme: "¡Claro, nós aquí saímos como culpabilizados; estamos a traballar con seriedade, facémolo o mellor posible, pero seguimos estando marxidados!"

O que quero dicirles desde aquí é que este enfoque acepta claramente e dunha maneira sería que, para determinados alumnos con discapacidades importantes o mellor lugar é o centro específico de educación especial. Por tanto, para estes alumnos, imos manter, imos potenciar os centros específicos de educación especial. O que trataremos de evitar é que determinados alumnos, que teñan dificultades menores, alumnos con discapacidades motóricas que poidan mellorarse, alumnos cegos e xordos (non digo que todos os xordos poidan integrarse, pero moitos deles si), os que teñan as condicións, teñan tamén a garantía para que o poidan facer de forma satisfactoria. E os que non, teñan tamén as condicións educativas necesarias, satisfactorias, para que o seu desenvolvemento sexa o mellor posible.

Este apoio ós centros específicos de educación especial ten un respaldo importante na lei, no Real Decreto de integración, que vai traducirse nos Presupostos Xerais do estado. Ó incorporar, a través de subvencións, xa a partir deste curso 85-86 -incluíndo ós centros privados- a profesionais que ata agora non se incluían (coidadores, fisioterapeutas, logopedas e incluso psicólogos), supón un avance importante que vai permitir favorecer que os ditos centros teñan os recursos persoais necesarios e que sexan realmenten gratuítos para todas as familias. Cousa que actualmente non sucedía, porque as familias debían completar, coas súas aportacións, a ausencia de profesionais, dado que a Administración non o facía.

A AVALIACIÓN DO PROXECTO DE INTEGRACIÓN

Este é un tema que suscitou un enorme interese e ó que temos dado unha enorme importancia, porque queremos avaliar con seriedade o proxecto de integración que puxemos en marcha nestes 173 centros desde hai un mes (setembro de 1985). Para isto, o mesmo día no que se aprobou o Real Decreto, organizamos e impulsamos un equipo de investigación formado, penso eu, polos mellores especialistas que temos no país no campo da investigación en educación especial. Convocamos un conxunto de bolsas de investigación para constituir un equipo rigoroso, potente, que avalíe (como xa está a facer) todas as condicións, características etc. destes centros de integración, así como a repercusión desta integración sobre o desenvolvemento dos alumnos.

Imos estudar durante tres anos, unha selección destes centros de integración, en función de criterios xeográficos, da lingua, do grao de discapacidade, das actitudes dos pais e profesores e do seu cambio. Interésanos coñecer a experiencia previa dos alumnos con dificultades que se integran e os cambios que se producen nas estratexias da traballo na aula; os cambios no desenvolvemento intelectual, lingüístico, na aprendizaxe, na

interacción social, na personalidade etc. dos alumnos que se están integrando. Coa fin de obter, ano tras ano, os datos que nos permitan non poñer en cuestión o concepto de integración, porque a nosa intención é seguir manténdoo, xa que é algo incorporado a unha concepción psicopedagóxica que subscribimos, pero si poñer en cuestión as condicións que favorezan máis ou menos a integración. Delimitar, se podemos, as causas que permiten un mellor funcionamento da integración. Delimitar qué tipo de actuacións, de actitudes, de experiencias previas, crean dificultades insalvables que nos fagan ver entón o mellor camiño a seguir. Polo tanto, trátase, nestes tres primeiros anos, de facer un seguimento contínuo e rigoroso do desenvolvemento do proceso de integración e, o que penso é máis importante, expoñelo, contrastalo diante daqueles que participan e diante da opinión pública.

Por iso, xa neste momento e sen saber lóxicamente os resultados que podemos obter desa avaliación, temos organizado un Simposio amplo, no mes de setembro de 1986 coa fin de expoñer, durante catro días, as conclusións que foi obtendo o equipo de investigación -en principio, desde fóra da Administración- durante este primeiro ano. Expoñelas e discutilas con todos aqueles profesionais, mestres, psicólogos, pedagogos etc. que participaron no proxecto de integración e que, polo tanto, van ver reflectido o resultado da súa propia práctica ou adquirir novos datos sobre ela.

Penso que esta vía contínua de información entre os que traballan nos centros de integración e a Administración, entre todos aqueles profesionais que están vinculados co proxecto e aqueles que, dalgunha maneira, temos o compromiso de crear condicións favorables, constitúe un elemento humano importante. O potenciar as reunións nos centros, cos seus directores, cos profesionais que participan; recoller as súas críticas e os seus enfoques cívicos, crear unha dinámica de colaboración, de discusión, unha dinámica que neste mes e medio en que os 173 centros comezaron a súa andadura, está a manifestarse como humanamente enriquecedora. Porque desta maneira imos, uns e outros, respondendo ós nosos propios compromisos. E a realidade dos centros cristaliza na Administración.

Eu remataría cunha breve reflexión, moi breve, porque con mes e medio de experiencia non temos marxe suficiente sobre cómo foron estas primeiras semanas, nas que un número importante de centros, en diversos lugares, en zonas rurais e urbanas, no centro da capital, con centros medianos, pequenos e grandes, teñen comezado esta experiencia. Neste sentido, atévome a dicir que ata o momento a experiencia é enormemente positiva. Eu diría que esperanzadora. Porque supuxo, como puiden comprobar, o enorme interese dos mestres e dos pais por resolver problemas escolares importantes que neste momento tivemos que afrontar. E a isto contribuíu, non hai dúbida, o acordo previo que houbo en todos os sectores que estaban implicados no proxecto: os pais, os claustros de profesores e os profesionais de todo tipo. O feito de participar de forma voluntaria servíu para que moitos problemas, que a priori parecían insalvables, puideran ser abordados e resoltos coa participación, a colaboración e o apoio de todos os sectores.

Desde a Administración quero agradecer este enorme esforzo e ánimos a que participedes coa vosa Administración Educativa galega nesta fecunda tarefa da integración escolar.

Santiago de Compostela
Novembro, 1985